


Os equipos de Normalización e Dinamización Lingüística dos institutos de ensino secundario do Val Miñor Terra de Turonio, Auga da Laxe, Val Miñor e Escolas Proval, en colaboración cos seus departamentos de Lingua e Literatura Galega, organizan para o 2º ciclo de Educación Secundaria o **1º Concurso de haikus**, unha das formas de poesía tradicional xaponesa máis estendidas.

As bases que rexerán dito concurso son as seguintes:

- Poderá concursar todo o alumnado de ditos centros matriculado nos cursos 3º e 4º de Secundaria.
- O tema dos haikus é libre, aínda que o xurado valorará especialmente a orixinalidade e a idea transmitida. Así mesmo, poderá ter en consideración o feito de que se respecte o canon métrico do haiku clásico.
- Os haikus serán en galego, orixinais e inéditos. Cada concursante ha de presentar como mínimo cinco.
- Cada concursante deberá entregar ao Equipo de Normalización do seu centro ou no Departamento de Galego os seus haikus nun sobre pechado, no que figurará no exterior un pseudónimo do autor e un título do poemario. Acompañando este sobre figurarán os datos persoais do concursante: o pseudónimo elixido, o seu nome e apelidos, enderezo, teléfono e nome do instituto no que está matriculado.

- O prazo de presentación remata o día 30 de abril.
- O xurado, composto por un representante de cada un dos centros participantes, concederá un 1º premio por valor de 80 euros á mellor colección e catro segundos, por valor de 50 euros, un por cada instituto. O xurado resérvase así mesmo a facultade de conceder os accésit que estime oportunos ou de maneira excepcional premios individuais a algún haiku concreto.

A decisión do xurado farase pública o día 21 de maio de 2010 nun acto público que será oportunamente anunciado. Neste acto contaremos coa actuación de *Leo i Arremecághona*, actuación á que está invitado o alumnado participante neste certame.



Val Miñor, abril de 2010.